



Sección Sindical PSA-PEUGEOT-CITROEN

REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. COMITÉ 18/02/09

Na reunión convocada pola Dirección cunha Rep. do Comité foron tratados os seguintes temas:

PECHE E APERTURA.-

- *A liña de RVCV*, nestes días de parada, será trasladada á zona de saída de Montaxe (onde estaba antigamente), o que motiva que a noite fará o baleirado da mesma este xoves día 19. Dende a C.I.G. esperamos que con esta modificación se teñan en conta as diversas denuncias feitas tanto á Dirección como á propia Inspección de Traballo sobre este Taller.

- *No Sistema II (Montaxe)*, o día 19, na Quenda da Tarde, incrementarase a cadencia de Xsara Picasso de 4 Veh/hr a 7-8 Veh/hr, motivado pola previsión para o mes de Marzo.

- *Os Talleres de*: M-59 Mangualde e Ferraxe Picasso, estarán afectados polo Sistema II (do 20 de Febreiro o 9 de Marzo), salvo particularidades.

- *O Taller de CKD's*, estará afectado polo Sistema I (do 20 de Febreiro o 4 de Marzo)

- *Embutición*, neste Taller están expostos nas UEP's as Liñas cos días que afectan a cada unha delas.

PRODUCCIÓN Marzo.- Os días non laborables, considerados como de **ADECUACIÓN DE XORNADA**, para este período quedarían da seguinte maneira:

Sistema I.- 2- 3- e 4

Sistema II.- 2- 3- 4- 5- 6- e 27.

CKD's.- 2- 3- 4 e 27

Quenda de Noite, ten unha previsión horaria de: **Ferraxe.- 5h 03Min ; Montaxe.- 4h 58Min**

ACTUALIZACIÓN SALARIAL.- Neste punto a Dirección fixo referencia a:

- Na nómina de Xaneiro que cobraremos en Febreiro, procederá o **incremento salarial do 2,5%** (o pactado no Convenio Colectivo) con efectos retroactivos dende o 1 de Xaneiro de 2009.

- Para este ano 2009 **non percibiremos** o ABONO DA PRIMA DE PARTICIPACIÓN, motivado polos resultados financeiros do Grupo no ano 2008. A C.I.G. entende que esta prima debería de estar consolidada, unha vez máis volvemos ser os traballadores e traballadoras os que suframos as consecuencias.

Neste punto, a C.I.G. manifestou a pregunta de, *¿que pasa coa Prima de Absentismo que estaba estipulada no Convenio Colectivo?*. A Dirección contesta que con motivo da % de Absentismo de media no ano 2008, **tampouco se fará efectiva**.

VARIOS.- A Dirección infórmanos que neste días, sobre 215 traballadores/as que rematan contrato o longo do mes de Marzo, váiselles facilitar a posibilidade dun alongamento do mesmo mediante un contrato de obra e servizo.

DOCUMENTO SOBRE A MODALIDADE FUNCIONAL DOS PROFESIONAIS.- Sobre as medidas que a Dirección propón neste borrador, dicir que, imos analízalo e consúltalo cos afectados, na Asemblea prevista para o vindeiro Venres día 20 as 11 Horas, de onde sairán as posturas da C.I.G. par levar á Reunión prevista entre os días 10 ou 11 de Marzo.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com